



## PLAN DE ACCIÓN 2026 – COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA

### TÁBOA DE CONTIDOS

#### 0. Introducción

- 0.1. Rol institucional da CGC
- 0.2. Obxectivo do Plan de Acción 2026

#### 1. Análise da situación actual

- 1.1. Avaliación da contorna económica e legal en Galicia e España
- 1.2. Revisión do estado da competencia en sectores chave

#### 2. Misión, visión e valores

- 2.1. Misión: Garantir a competencia efectiva nos mercados galegos
- 2.2. Visión: Ser unha autoridade eficaz, recoñecida e transparente
- 2.3. Valores: Transparencia, integridade, eficiencia, innovación

#### 3. Obxectivos estratéxicos 2026

- 3.1. Fortalecemento do cumprimento normativo e prácticas de *self-cleaning*
- 3.2. Supervisión reforzada en contratación pública (LCSP arts. 132 e 150)
- 3.3. Impulso da arbitrase como vía alternativa de resolución
- 3.4. Transparencia normativa: actualización de decretos autonómicos
- 3.5. Elaboración de informes periódicos sobre cambios normativos
- 3.6. Reforzar a capacidade das administracións públicas para reclamar danos por prácticas anticompetitivas
- 3.7. Fortalecer a cultura do cumprimento no sector público.
- 3.8. Desenvolvemento de ferramentas claras para a identificación e denuncia de condutas anticompetitivas

#### 4. Estratexias e accións

- 4.1. Innovación tecnolóxica e análise de mercado
  - 4.1.1. Incorporación de tecnoloxías avanzadas en investigación e control
  - 4.1.2. Análise de ferramentas de IA para identificar patróns sospeitosos
  - 4.1.3. Optimización de procesos sancionadores e de investigación
- 4.2. Capacitación e formación
  - 4.2.1. Creación dunha guía específica en materias de contratación pública
  - 4.2.2. Formación continua para persoal técnico e directivo



#### 4.2.3. Prevención de riscos xurídicos e mellora da calidade procedemental

#### 4.2.4. Accións concretas:

- Seminarios e talleres sobre *self-cleaning*, prohibicións de contratar e contratación pública
- Cursos especializados en EGAP.
- Materiais didácticos, guías e recursos en liña accesibles

#### 4.3. Actuacións e colaboración institucional

##### 4.3.1. Universidades galegas: investigación, formación e transferencia tecnolóxica

##### 4.3.2. Colexios profesionais: difusión técnica e boas prácticas

##### 4.3.3. CNMC: aliñamento con políticas nacionais e cooperación técnica

##### 4.3.4. Confederacións de empresarios: diálogo público–privado e programas conxuntos

##### 4.3.5. Fortalecemento do marco institucional e normativo

### 5. Indicadores

#### 5.1. Número de actuacións, investigacións e resolucións

#### 5.2. Participación en eventos, colaboracións e actividades formativas

#### 5.3. Mellora na percepción pública da CGC

#### 5.4. Calidade, impacto e alcance dos informes normativos

### 6. Plan de seguimento e avaliación

#### 6.1. Revisións trimestrais e axustes operativos

#### 6.2. Informe anual de progreso

#### 6.3. Recollida de feedback de axentes públicos e privados

#### 6.4. Avaliación do impacto institucional



## PLAN DE ACCIÓN 2026

Desde a súa creación, a Comisión Galega da Competencia (CGC) desempeñou un papel esencial como garante do correcto funcionamento do mercado en Galicia, velando pola libre competencia, a transparencia e a protección dos consumidores e operadores económicos. Este Plan de Acción 2026 establece as liñas estratéxicas e prioridades que guiarán a actividade do organismo durante o exercicio, co obxectivo de fortalecer a súa capacidade institucional, responder os desafíos regulatorios e económicos, e consolidar a súa posición como autoridade de referencia en materia de competencia no ámbito autonómico.

### 1. Análise da situación actual.

A CGC levará a cabo unha análise actualizada do contexto económico, xurídico e sectorial, incluíndo:

- Avaliación da contorna económica e regulatoria en Galicia e España.
- Estudo do grao de competencia en mercados estratéxicos e sectores prioritarios.
- Identificación de riscos emerxentes derivados de novas formas de colaboración empresarial, transformacións tecnolóxicas ou cambios normativos.

Este diagnóstico permitirá orientar as actuacións do ano 2026 con criterios de eficacia, pertinencia e eficiencia.

### 2. Definición da misión, visión e valores

Misión: Garantir a competencia efectiva nos mercados galegos, protexendo o interese público e promovendo unha contorna económica transparente, eficiente e equitativa.

Visión: Ser unha autoridade recoñecida pola súa eficacia, independencia e transparencia, capaz de anticipar riscos, detectar infraccións e promover unha cultura sólida de cumprimento normativo en Galicia.

Valores: Transparencia, integridade, eficiencia, innovación, rigor técnico e servizo público.

### 3. Obxectivos estratéxicos para 2026

A Comisión Galega da Competencia, no seu compromiso por promover un mercado galego máis xusto, transparente e eficiente, estableceu no seu plan estratéxico para 2026 unha serie de obxectivos que responden aos desafíos actuais e futuros da contorna económica e normativa. A crecente complexidade dos mercados, a evolución tecnolóxica e as novas formas de



colaboración empresarial demandan unha actuación proactiva e adaptada ás necesidades do tecido produtivo galego.

Entre estes obxectivos, destaca a importancia de fortalecer **as prácticas de 'self-cleaning'** empresarial e o cumprimento normativo, como mecanismos esenciais para previr condutas anti-competitivas e fomentar unha cultura empresarial responsable.

Así mesmo, a **regulación en materia de contratación pública**, especialmente en procedementos vinculados aos artigos 132 e 150 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), require unha supervisión rigorosa para garantir a competencia efectiva nos procesos administrativos.

Doutra banda, **a arbitrase emerxe como unha vía alternativa eficiente** para resolver conflitos relacionados con prácticas restritivas ou contratos públicos, contribuíndo a desconxestionar os órganos xudiciais e promovendo solucións áxiles.

Ademais, promover a transparencia normativa mediante información actualizada sobre decretos autonómicos reforza o papel da Comisión como órgano garante do interese público.

Estes obxectivos estratéxicos están deseñados para consolidar o traballo realizado ata o de agora, potenciar novas áreas de actuación e responder as demandas sociais e económicas que afectan ao mercado galego. En definitiva, buscan fortalecer o marco institucional en materia de competencia, protección do mercado e regulación económica en Galicia durante o 2026.

No marco do compromiso da Comisión Galega da Competencia coa protección do interese público e a promoción dun mercado xusto e competitivo, resulta fundamental fortalecer os mecanismos mediante os cales as administracións públicas poden **reclamar danos e prexuízos ocasionados por prácticas anti competitivas**.

A existencia de condutas restritivas, colusorias ou abusivas que afecten os recursos públicos ou ao correcto funcionamento do mercado pode derivar en perdas económicas significativas para as entidades públicas, así como nunha distorsión do equilibrio competitivo.

Este obxectivo estratéxico responde á necesidade de dotar ás administracións públicas galegas de ferramentas xurídicas e procedementais eficaces para identificar, denunciar e reclamar indemnizacións polos danos ocasionados por prácticas anti competitivas.

A incorporación de procedementos claros e accesibles facilitará que estas entidades poidan actuar con maior eficacia fronte a condutas ilícitas, promovendo unha maior responsabilidade empresarial e contribuíndo á recuperación de recursos públicos afectados.

Así mesmo, **potenciar a formación e sensibilización en materia de competencia dentro do sector público** permitirá mellorar a detección temperá de posibles infraccións e reforzar a cultura do cumprimento normativo. En definitiva, este enfoque busca non só sancionar condutas ilícitas, senón tamén previr a súa ocorrencia, garantindo que as administracións públicas poidan exercer as súas funcións con maior seguridade xurídica e protección fronte a posibles danos derivados de prácticas anticompetitivas.



**Facilitar canles accesibles** para reclamacións por prácticas restritivas ou abusos e **elaborar informes periódicos que analicen cambios normativos relevantes para axentes económicos galegos**.

A CGC define para 2026 os seguintes obxectivos estratéxicos:

### **3.1. Fortalecer o cumprimento normativo e as prácticas de self-cleaning**

Impulsar unha cultura empresarial orientada ao respecto da competencia, fomentando a implantación de mecanismos internos de prevención e corrección de condutas anticompetitivas.

### **3.2. Supervisión reforzada da contratación pública**

Especial seguimento dos procedementos vinculados aos artigos 132 e 150 da LCSP, clave para garantir a igualdade de oportunidades, evitar colusión e previr restricións indebidas.

### **3.3. Impulso de mecanismos alternativos de resolución de conflitos**

Promover a arbitrase en materia de competencia e contratación pública como instrumento áxil, eficiente e complementario á vía xudicial.

### **3.4. Transparencia normativa**

Manter actualizada unha base de datos pública con decretos autonómicos e normativa relevante en materia de competencia, regulación económica e contratación pública.

### **3.5. Informes periódicos sobre cambios regulatorios**

Proporcionar información técnica cualificada a administracións e axentes económicos, facilitando a adaptación ao marco normativo vixente.

### **3.6. Reforzar a capacidade das administracións públicas para reclamar danos**

Desenvolver ferramentas e criterios que permitan identificar, cuantificar e reclamar prexuízos derivados de prácticas anticompetitivas.

### **3.7. Fortalecer a cultura do cumprimento no sector público.**

Reforzo da formación de empregados públicos en detección de prácticas colusorias, prevención de riscos e correcta aplicación da normativa de competencia.

### **3.8. Desenvolvemento de ferramentas claras para a identificación e denuncia de condutas anticompetitivas**

Desenvolver ferramentas para a identificación e denuncia de condutas anticompetitivas é fundamental para o cumprimento normativo (*compliance*) para evitar sancións e prohibicións. A



clave radica nunha combinación de prevención activa, detección temperá e canles seguras de reporte.

#### 4. Estratexias e accións.

##### 4.1. Implantar novas tecnoloxías para vixilancia e análise de mercado.

A optimización dos procesos en investigación e defensa da competencia permite incrementar a eficiencia operativa, reducir prazos procesuais e mellorar a precisión analítica. A incorporación de ferramentas tecnolóxicas avanzadas e metodoloxías innovadoras fortalece a capacidade sancionadora e preventiva, garantindo o cumprimento normativo e a protección do mercado rexional. Isto contribúe a unha contorna competitiva eficiente, aliñado con estándares nacionais e internacionais, optimizando recursos e promovendo o desenvolvemento económico sostible en Galicia. No contexto actual, a incorporación de tecnoloxías avanzadas, como a intelixencia artificial (IA), converteuse nun elemento clave para mellorar a eficacia e eficiencia na vixilancia do mercado e a detección de prácticas anticompetitivas. A Comisión Galega da Competencia recoñece a importancia de adoptar estas innovacións para fortalecer as súas capacidades investigadoras e preventivas.

Unha mostra clara diso é a posta en marcha para este 2026 da análise de ferramentas que utilicen algoritmos e análises automatizados para identificar patróns sospeitosos en grandes volumes de datos relacionados con condutas colusorias, abusos ou prácticas restritivas. Estas plataformas permiten realizar seguimentos proactivos, detectar indicios temperáns de infracción e reducir significativamente os tempos e recursos necesarios nas investigacións. A integración destas tecnoloxías nas actuacións da Comisión Galega facilitará unha monitorización máis exhaustiva do mercado galego, permitindo detectar posibles infraccións con maior rapidez e precisión. Ademais, potenciará o uso de análises preditivas e modelos estatísticos que contribúen a anticipar comportamentos ilícitos antes de que se materialicen en danos concretos. Por tanto, a adopción e implantación efectiva de ferramentas baseadas en IA representará unha aposta estratéxica para modernizar os mecanismos de control e sanción en materia de competencia, aliñándose coas mellores prácticas internacionais e fortalecendo o papel preventivo e corrector do organismo autonómico.

Posta en marcha e implantación do sistema de xestión interno para a CGC en colaboración coa CNMC e AMTEGA: 3 fases: fase 1 implantación e adaptación sistema; fase 2 implantación ferramentas de xestión ecosistema xunta-amtega (notifica, rexel, sinatura) fase 3 implantar procedemento administrativo propio

A CGC analizará ferramentas tecnolóxicas avanzadas vía actuacións de colaboración coa CNMC e a súa ferramenta BRAVA, incluíndo intelixencia artificial, para:

- Detectar patróns sospeitosos en grandes volumes de datos.



- Identificar indicios temperáns de prácticas colusorias ou abusivas.
- Mellorar a eficacia de investigacións e expedientes sancionadores.
- Reducir tempos e optimizar recursos administrativos.
- Fortalecer a capacidade predictiva do organismo.

#### 4.2. Capacitación e formacións

A eficiencia, transparencia e legalidade nos procesos de contratación pública son fundamentais para garantir o correcto uso dos recursos públicos e promover un mercado competitivo en Galicia. Con todo, dada a complexidade normativa e a constante evolución do marco legal en materia de contratación, resulta imprescindible dispoñer de ferramentas claras e actualizadas que orienten aos profesionais responsables na súa xestión diaria.

Neste contexto, a creación dunha **guía específica sobre materias de contratación** constitúe unha acción estratéxica que busca consolidar un marco de referencia accesible, comprensible e práctico para o persoal técnico e directivo das administracións públicas autonómica e local. Esta guía facilitará a interpretación correcta das normativas vixentes, promoverá boas prácticas e reducirá riscos xurídicos asociados a erros ou interpretacións incorrectas.

Así mesmo, a formación do persoal nestas materias é esencial para fortalecer as súas capacidades técnicas, mellorar a calidade dos procedementos administrativos e garantir o cumprimento normativo. A capacitación continua permitirá aos empregados públicos adaptarse aos cambios legislativos, incorporar novas metodoloxías e potenciar o seu rol como garantes do interese público. Estas accións contribúen a crear unha contorna administrativa máis transparente, eficiente e aliñada cos principios constitucionais e legais que rexen a contratación pública. Ademais, fomentan unha cultura institucional baseada no coñecemento actualizado e en boas prácticas que benefician tanto ás administracións como aos provedores e cidadáns galegos.

Para garantir unha contorna regulatoria máis clara e eficiente, a CGC desenvolverá:

- Unha guía de contratación pública que sistematice normativa, boas prácticas e criterios técnicos.
- Dar continuidade aos programas formativos na EGAP para persoal directivo e técnico das administracións galegas.
- Seminarios e talleres sobre *self-cleaning*, prohibicións de contratar, contratación pública e detección de prácticas restritivas.
- Materiais didácticos e recursos dixitais accesibles desde a web institucional.



Estas accións contribuirán a reducir riscos xurídicos e a fortalecer a seguridade normativa.

#### Obxectivos

- ✓ Incrementar a difusión da cultura da competencia.
- ✓ Reforzar as capacidades de administracións e operadores económicos.

#### Indicadores e metas (KPIs)

- ➔ N° de sesións FEGAMP impartidas:  $\geq 1-2/\text{ano}$ .
- ➔ N° de actividades EGAP:  $\geq 3/\text{ano}$ .
- ➔ N° de participantes totais en sesións :  $\geq 100/\text{ano}$ .

### **4.3. Actuacións con universidades galegas, colexios profesionais, CNMC e confederacións de empresarios**

A colaboración con institucións académicas, colexios profesionais, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e as confederacións de empresarios responde á necesidade de fortalecer o marco institucional e promover sinerxías que contribúan ao desenvolvemento económico, social e normativo de Galicia.

As actuacións con universidades galegas permiten potenciar a investigación, innovación e formación especializada en áreas chave como a competencia, contratación pública, regulación económica e xestión administrativa. Estas alianzas facilitan o acceso a coñecementos actualizados, fomentan a transferencia tecnolóxica e preparan aos futuros profesionais para afrontar os retos do mercado laboral e do sector público.

Pola súa banda, a colaboración con colexios profesionais garante unha maior difusión do coñecemento técnico e ético en distintas disciplinas, promovendo boas prácticas profesionais e asegurando un alto nivel de cualificación nos servizos públicos e privados relacionados coa xestión administrativa e económica.

O establecemento de actuacións coa CNMC permite aliñarse coas políticas nacionais en materia de competencia e regulación económica, facilitando o intercambio de información, experiencias e boas prácticas que redunden nunha maior eficacia na vixilancia do mercado galego.

Finalmente, as alianzas con confederacións de empresarios favorecen un diálogo construtivo entre o sector público e privado, promovendo unha contorna empresarial competitiva, transparente e sostible. Estas colaboracións facilitan tamén a identificación de necesidades



reais do tecido empresarial galego, permitindo deseñar accións formativas, campañas informativas ou programas conxuntos que impulsen o desenvolvemento económico rexional.

En conxunto, estas actuacións constitúen instrumentos estratéxicos para fortalecer as capacidades institucionais, promover a innovación normativa e técnica, así como fomentar unha contorna colaborativa que beneficie a toda a sociedade galega.

A CGC reforzará alianzas estratéxicas con:

- Universidades galegas, para promover investigación, formación e innovación.
- Colexios profesionais, como canles de difusión técnica e ética profesional.
- CNMC, para harmonizar criterios, compartir boas prácticas e fortalecer capacidades investigadoras.
- Confederacións de empresarios, promovendo contornas competitivas, responsables e transparentes.
- Redes académicas e profesionais vinculadas ao dereito da competencia

Obxectivos

- ✓ Consolidar alianzas estratéxicas.
- ✓ Impulsar proxectos conxuntos con entidades académicas e institucionais.

Indicadores e metas (KPIs)

- ➔ actuacións asinadas ou renovadas:  $\geq 2-3/\text{ano}$ .
- ➔ Actividades conxuntas realizadas:  $\geq 2/\text{ano}$ .
- ➔ N° de proxectos de IA iniciados con CNMC:  $\geq 1$ .

## 5. Indicadores

Para avaliar o grao de cumprimento do Plan, empregaranse indicadores como:

- ➔ Número de actuacións, investigacións, expedientes e resolucións ditadas.
- ➔ Participación en actividades formativas, eventos e programas de colaboración.
- ➔ Valoración pública da autoridade e niveis de transparencia institucional.
- ➔ Impacto, rigor e utilidade de informes e guías técnicas elaboradas.

## 6. Plan de seguimento e avaliación



6.1. O seguimento do Plan de Acción 2026 articularase mediante:

- ➔ Revisións trimestrais para axustar actuacións e priorizar recursos.
- ➔ Informe anual de progreso, con avaliación obxectiva e pública de resultados.
- ➔ Mecanismos de *feedback* con administracións, empresas, universidades e axentes interesados.
- ➔ Avaliación de impacto para medir resultados reais sobre os mercados e a protección da competencia.

6.2. Indicadores de seguimento (KPIs)

O presente Plan de Acción institucional define as liñas estratéxicas do CGC e establece indicadores de seguimento (KPIs) que permitan avaliar o grao de avance e cumprimento dos obxectivos para o período 2025. A súa finalidade é reforzar a transparencia, eficacia e contribución do organismo ao interese público.

Ámbito	Contido
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asegurar a operatividade institucional do Pleno.</li> <li>• Garantir a aprobación de documentos estratéxicos anuais.</li> <li>• Reforzar a produción de resolucións e informes.</li> <li>• Potenciar a capacitación técnica.</li> <li>• Ampliar a vinculación con universidades e talento nova.</li> <li>• Mellorar a dixitalización de procedementos.</li> </ul>
<b>Accións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1.1. Actualización e revisión da estrutura do CGC.</li> <li>• 1.2. Optimización da dotación orzamentaria anual.</li> <li>• 1.3. Elaboración e publicación de Resolucións.</li> <li>• 1.4. Emisión de Informes sectoriais e transversais.</li> <li>• 1.5. Presentación e difusión da Memoria 2025.</li> <li>• 1.6. Implantación do sistema de xestión</li> <li>• 1.7. Elaboración formulario como procedemento dixital.</li> <li>• 1.8. Plan formativo</li> </ul>
<b>Indicadores e metas (KPIs)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Memoria institucional aprobada: 1 por ano.</li> <li>• Nº de resolucións emitidas: <math>\geq 10</math>/ano.</li> <li>• Nº de informes sectoriais: <math>\geq 4</math>/ano.</li> <li>• Cumprimento de execución orzamentaria: <math>\geq 90\%</math>.</li> <li>• Implantación do sistema de xestión WECO: fase 1 implantación weco</li> <li>• Elaboración formulario como procedemento dixital: Fase inicial</li> </ul>